



O DIÁLOGO INTERLITERARIO NAS ANTOLOXÍAS DIASISTÉMICAS: GALICIA E CATALUÑA

María do Cebreiro Rábade Villar
Universidade de Santiago de Compostela

Ata hai ben pouco tempo, calquera reflexión sobre as antoloxías literarias parecía comportar, por parte dos investigadores, unha adhesión inequívoca ó xénero da diatriba e ó ton da denuncia. O fenómeno antolóxico concibíase como produto e instrumento duns determinados intereses dos axentes do campo literario, intereses a miúdo relacionados cos procesos de canonización e lexitimación identitaria, feito que explica que ás escolmas se lles viñese recoñecendo un destacado papel na constitución das literaturas nacionais modernas. Sen cuestionar a oportunidade deste enfoque, e a necesidade dun entendemento crítico dos fenómenos de mediación, nos últimos anos algúns estudos viñeron reclamando un achegamento máis ponderado ó obxecto “antoloxía”. Mesmo se ten chegado a falar dunha “imaxinación antolóxica”, termo que recoñece o potencial constructivo e creativo das escolmas, e que asume como un desafío teórico a súa posición no sistema literario, tan ruidosa nos seus efectos como desatendida nas súas causas.

Doutra banda, as teorías comparatistas máis recentes tenden a subliñar a incidencia das relacións interliterarias na construción das literaturas nacionais. Este recoñecemento, moi perceptible xa nos estudiosos da Escola de Tartu, acadará un especial protagonismo nas investigacións da Escola de Bratislava, e nomeadamente na noción de comunidade interliteraria, vinculada ó pensamento de Dyoniz Ďurišin (1995). En certa medida, aínda que quizais máis na letra que no espírito, o termo “antoloxías diasistémicas”¹

¹ O termo “diasistema” xurdiu da man de Uriel Weinreich, que o empregou para dar resposta a algúns dos interrogantes abertos no ámbito da xeografía lingüística e, máis especificamente, na tarefa de trazado das fronteiras lingüísticas (vid. Jean Dubois *et alii* 1979: s. v. “diasistema”). Nun estudio sobre as linguas en contacto, Weinreich (1968) mostra cómo a descrición diasistemática presenta, entre outras, a ventaxa de non postular a simetría e a homoxeneidade dos sistemas considerados como termos da comparación, abrindo camiño ós fenómenos de diversidade e continuidade desatendidos pola lingüística discreta. Desde o punto de vista metodolóxico, a noción de diasistema toma en consideración a intuición lingüística dos falantes sometidos ó contacto de linguas e evita o prexuízo de ver tódolos procesos de interferencia como casos de aculturación.

xorde moi vinculado a este marco teórico, na medida en que intenta transcender unha concepción exclusivamente intrasistémica do fenómeno antolóxico.

Coa denominación “antoloxía diasistémica” fago referencia a un tipo específico de escolma que propicia o diálogo entre diferentes comunidades lingüísticas e culturais. No caso das tradicións literarias catalana e galega, a escaseza de antoloxías poéticas diasistémicas permite emprender unha análise relativamente pormenorizada do estado da cuestión. Nas miñas reflexións cinguireime ás escolmas catalanas de poesía galega e ás escolmas galegas de poesía catalana publicadas desde o ano 1976 ata a actualidade. Ademais, tomarei en consideración tódalas antoloxías de poesía galega preparadas para a súa circulación nos Países Catalans, e non só as producidas desde e para Cataluña, así como aquelas mostras galegas de poesía en lingua catalana de ámbito xeográfico non estrictamente catalán.

En 1976, o estudioso e traductor mallorquín Josep Maria Llompart dá ó prelo *Quinze poetes gallecs*, na Editorial Moll de Palma de Mallorca. Llompart emprende unha selección da lírica galega desde os trobadores medievais ata o presente de antologación. Con todo, o seu criterio non é estrictamente histórico. Basilio Losada (1976: 10), que oficia como prologuista, prelude, nas seguintes palabras, o espírito da obra: “Teño matinado moitas veces o valor que tería unha serie de escolmas nas que xentes calificadas como lectores, coñecedores, da poesía dunha época, mostraran as súas preferencias sin pretender demostrar nada”. A antoloxía de Llompart non se perfila, de feito, como unha obra de tese, preparada e ordenada segundo criterios académicos, senón como unha aposta poética, substentada nun entendemento profundamente creativo do labor antolóxico que pode considerarse non superado aínda por antólogos posteriores. Os parámetros histórico-literarios ó uso supeditanse ó propósito estético de ler e interpretar a tradición poética galega desde a cultura literaria en lingua catalana, feito que autoriza a falar dun verdadeiro esforzo por propiciar un diálogo intercultural xenuíno entre as dúas comunidades lingüísticas. Ben lonxe de apostar pola literalidade nas traducións, Llompart, que só presenta os textos na súa versión catalana, emprende unha auténtica transformación dos poemas escolmados. Significativamente, nunha nota que precede os conxunto dos textos, o antólogo explica que a inclusión de balearismos na tradución da lírica de Rosalía de Castro obedece ó propósito de reproducir, para os lectores en lingua catalana, un efecto análogo ó xenerado pola lingua literaria rosaliana para os lectores galegos. Nun sentido máis xenérico, a chamada “escola mallorquina” achega modelos estilísticos e retóricos que, en maior ou menor grao, se fan presentes nas versións de tódolos poemas recollidas. Vemos así, xa que logo, debuxado un exercicio de reescritura poética que converte esta singular escolma nun exemplo profundamente orixinal de catalanización literaria da tradición poética galega, desde Mendiño a Xosé Luís Méndez Ferrín.

Llompart daríalle continuidade ó seu labor antolóxico en dous volumes sucesivos, de novo monolingües en catalán, titulados *Poesía galaico-portuguesa, del segle XII al XIX* (1984) e *Poesía gallega, portuguesa i brasileira moderna* (1988). O postulado, para o segundo volume, dun intersistema literario galego-luso-brasileiro non atopará o seu correlato nas antoloxías galegas da literatura catalana, que parten das unidades xeopoéticas

“literatura catalana” ou, máis raramente, “literatura das Illas Baleares”, tratadas illadamente en cada escolma, e en ningún caso do continuo lingüístico-literario dos Países Catalans considerado de modo conxunto. Por outra banda, nunha nova demostración de “imaxinación antolóxica” o seleccionador discute, desde un punto de vista xenuinamente interliterario, a proxección asimétrica de certas categorías periodolóxicas, tales como o Noucentisme/Novecentismo ou o Modernisme/Modernismo sobre as literaturas galega e catalana.

Se o obxectivo de Llompart era facilitar o acceso dos lectores cataláns á historia da literatura galega desde a época medieval, a antoloxía *Sis poetes gallecs*, publicada por Àlex Susanna en 1990, na editorial barcelonesa Columna, abrangue un espectro temporal e autorial moito máis restrinxido. Por dicilo en palabras do antólogo, a mostra é “una selecció —com totes, inevitablement arbitrària i restrictiva— de sis poetes gallecs actuals (podien ser sis com set o deu, ja ho sabem) la característica comuna dels quals, ultra la seva qualitat innegable, és el fet d’haver publicat majoritàriament la seva obra en el decurs de la dècada dels vuitanta” (Susanna 1990: 10). Dunha concepción total, histórica ou panorámica da antologación diasistémica, tal e como a entendera Josep Maria Llompart, pasamos a unha concepción xeracional do labor antolóxico. Dalgún xeito, o antólogo asume a presenza dunha certa tradición interliteraria anterior, que permitiría explicar ou xustificar o alcance restrictivo da súa escolla: “Som plenament conscients dels perills que correm fent una antologia de poetes i poemes, però ens ha semblat que aquesta era la millor manera d’aconseguir el nostre objectiu i de prosseguir un acostament entre la cultura gallega i la catalana, el qual s’ha anat produint d’una manera lenta —massa lenta—, però amb alguns signes de continuïtat (Susanna 1990: 7).

Con todo, desde 1990, ano de publicación da devandita antoloxía, os signos de continuidade na recepción catalana da literatura galega, cando menos no que atinxe ó fenómeno antolóxico, foron tan pouco constantes como perceptibles. De feito, houbo que esperar ó pasado ano, e ó pulo acadado polo movemento Nunca Máis, xurdido como resposta ó afundimento do petroleiro Prestige, para que vise a luz a antoloxía *Mai més/Nunca máis (Els escriptors contra el silenci)*, coordinada polo poeta e traductor Xulio Ricardo Trigo, e editada na editorial valenciana Brosquil. O obxectivo da mostra non era difundir a poesía galega entre os lectores en lingua catalana, senón partir da dramática situación da costa como estímulo para a articulación dunha antoloxía plurixenérica da literatura catalana contemporánea rexida por un propósito solidario. O compilador chega mesmo a negarlle á escolma a condición de antoloxía: “... no s’ha de llegir el recull com una antologia. Puc dir que si molts autors s’han quedat fora és senzillament perquè no podíem fer un llibre amb milers de pàgines. Tots els escriptors catalans que van ser consultats van dir que no deixarem passar l’ocasió de fer un crit a favor de Galícia i dels gallecs. Des d’aquí vull dir als gallecs que mai no els havien sentit tant a prop. Els que han elaborat aquest llibre només persegueixen un objectiu: tornar als gallecs una mica del que ells ens han donat al llarg dels segles” (Trigo 2002: 13). No mesmo sentido, a Asociación Nunca Máis de Catalunya deu ó prelo, en

abril de 2003, un volume colectivo, titulado *Nunca Máis si tots nosaltres som la mirada i el vent* e integrado por colaboracións maioritariamente poéticas escritas en galego, en catalán e en castelán.

Da banda galega, un dos primeiros achegamentos á poesía catalana é a *Mostra antolóxica de poetas contemporáneos*, publicada por Ediciós do Castro en 1981, na que os poetas Manuel Casado Nieto e Xoán Manuel Casado ofrecen unha selección traducida de poemas escritos por autores ingleses, franceses, italianos e cataláns que deron a coñecer a súa produción ó longo do século XX. Esta é unha antoloxía máis propiamente multisistémica que diasistémica, pero o coñecemento que os antólogos tiñan da poesía en lingua catalana, e a súa habelencia como tradutores literarios, propiciaron valiosas versións galegas da lírica de Carles Riba ou Gabriel Ferrater.

En 1995, Espiral Maior dá ó prelo *Trece poetas cataláns*, que tampouco pode considerarse unha antoloxía diasistémica, aínda que a presentación editorial da mostra semelle potenciar esa primeira lectura. En efecto, no prólogo, Xavier Rodríguez Baixeras aclara que a escolma é, en realidade, a tradución dunha antoloxía do ano 1992 que, baixo o título *Les veus de l'experiència (Antologia de la poesia catalana actual)* fora preparada por Jordi Llavina para a editorial catalana Columna. Rodríguez Baixeras (1995: 11) cifra en dúas as razóns deste exercicio de importación: “a primeira, porque, segundo a nosa opinión, a escolma é moi atinada, e ademais, porque desta maneira proporcionamos ao lector galego a posibilidade de ler unha antoloxía que tivo unha grande acollida, non só nos círculos poéticos, senón tamén, e moi especialmente, no área do Ensino”. Sen cuestionar o interese da posibilidade de acceder a un produto ideado para circular noutra canle editorial, o certo é que este procedemento de tradución dunha escolma preparada desde o outro sistema reduce en boa medida o potencial creativo da antoloxación diasistémica, que non fomenta a interliterariedade só pola elección dun obxecto literario máis ou menos distante do sistema de partida, senón polo feito de que ese obxecto pode ser elixido e interpretado de acordo coas particularidades e necesidades sistémicas da comunidade receptora.

Xavier Rodríguez Baixeras é, asemade, o tradutor da escolma *Vinte poetas das Balears*, da que é antólogo Pere Rosselló Bover e que foi editada por Espiral Maior no ano 2001. En tódalas antoloxías citadas ata o de agora os limiares aludían, dun xeito máis ou menos demorado, á necesidade dun maior contacto interliterario das comunidades lingüísticas catalana e galega, obxectivo que cada unha das mostras, no seu alcance específico, se propoñía atinxir. En cambio, o prólogo de Rosselló, que dá conta, de xeito extenso e documentado, do desenvolvemento histórico da poesía en lingua catalana nas Illas Baleares, desde a Renaixença insular ata a actualidade, non semella especificamente ideado para os lectores galegos. Novamente, é doado percibir nesta proposta, aínda que non se declare dun xeito explícito, unha tradución máis ou menos literal dun programa antolóxico deseñado desde fóra das coordenadas poéticas de Galicia. Doutra banda, o feito de que Rosselló faga uso de etiquetas periodolóxicas e estilísticas xurdidas ó abeiro da historiografía literaria catalana fai pensar na oportunidade editorial dunha antoloxía histórica da poesía producida en Cataluña desde o século XIX, aínda inexistente no mercado galego, e que Basilio Losada, á altura de 1976, reclamaba nos

seguintes termos: “Soño eu cunha escolma ampla e complida de lírica catalá ao galego, cun contacto constante, cun coñecemento recíproco de dúas literaturas que móvense entre tollementos comús, con aspiracións e perspectivas semellantes” (Llompart, 1976: 10).

Á luz desta descrición do *corpus*, paréceme posible establecer algunhas tendencias no comportamento diasistémico das literaturas galega e catalana na súa plasmación antolóxica, tendencias que permiten comprender a falta de solidez e de continuidade das relacións interliterarias dos ámbitos contemplados.

En primeiro lugar, as instancias antolóxicas viñeron favorecendo un tipo de mostrás nas que o criterio de ordenación autorial se erixiu en dominante. Outros criterios tamén secundados, como o temático ou o histórico, tenderon a subordinarse a este parámetro. Dos *Quinze poetas gallecs*, de Josep Maria Llompart (1976) ós *Sis poetas gallecs*, de Àlex Susanna (1990); dos *Trece poetas cataláns*, de Xavier Rodríguez Baixeras (1995) ós *Vinte poetas das Illas Baleares*, de Pere Rosselló e Xavier Rodríguez Baixeras (2001), os antólogos recorren a fórmulas numerolóxicas que, pese á súa innegable rendibilidade mediática e mesmo comercial, reforzan a dubidosa equivalencia entre literatura nacional e suma de poetas escollidos. En virtude do criterio de ordenación autorial, os autores antologados, dispostos por orde alfabética ou por orde cronolóxica (segundo o ano de nacemento e, menos frecuentemente, segundo a data de publicación do primeiro libro de poemas) adquiren a condición de auténticos protagonistas do corpo textual, que se converte antes en “antoloxía de poetas” que en “antoloxía de poemas”. Segundo a lóxica metonímica que, en moi distintos niveis, alenta o funcionamento do fenómeno antolóxico, a redución operada por este entendemento estrictamente autorial das literaturas respectivas dificulta un acceso ós verdadeiros condicionamentos, tendencias, problemas e liñas de forza dos sistemas catalán e galego en distintos momentos do seu desenvolvemento. Lonxe de promover a construción dunha ponte interliteraria, estas antoloxías funcionan, quizais sen chegar tampouco a conseguilo plenamente, como motores para a canonicidade estática de determinadas figuras dunha tradición que non deixa de ser recoñecida como “*allea*”.

Por outra banda, con frecuencia, as antoloxías diasistémicas das literaturas catalana e galega parten, na súa articulación, de parámetros de tipo xeracional ou grupal, asúmanos ou non dun modo explícito. Este mecanismo faise moi evidente nas mostrás *Sis poetas gallecs*, de Àlex Susanna (1990) e *Trece poetas cataláns*, de Xavier Rodríguez Baixeras (1995), que en moitos sentidos poden considerarse antoloxías simétricas. Coa mediación dun hiato temporal de cinco anos entre os dous exemplares, Baixeras semella estar respondendo, desde as coordenadas galegas, ó proxecto de Susanna, no que el estivera xa implicado como traductor e como poeta escolmado. Non semella casual, por outra banda, que o propio Susanna volva ser un dos autores antologados nesta mostra. Aínda que, como xa fixen notar, a escolla autorial operada en *Trece poetas cataláns* é responsabilidade de Pere Llavina, o limiar, asinado por Rodríguez Baixeras ten, entre outros, o efecto de actualizar e lexitimar unha serie de eleccións previas que, por dicilo dalgún xeito, son sometidas a un proceso de galeguización antolóxica. O efecto de lectura é o

dunha antoloxía galega da poesía en Cataluña e non o dunha tradución ó galego dunha escolma catalana. A xeneralidade das mostras de Baixeras e Susanna déixase ver, ademais, no ámbito temporal e estilístico que constitúe o obxecto da antologación, así como nos criterios de ordenación dos autores e dos textos, presentados en edición bilingüe. En efecto, os dous antólogos escolman a obra de poetas que foron consolidando as súas traxectorias ó longo dos anos setenta e oitenta do pasado século, e que, salvo excepcións, o fixeron desde presupostos estéticos máis afíns ó simbolismo, ó neodecadentismo e á poesía da experiencia que ós códigos poéticos do realismo social.

Mesmo nun nivel de análise superficial resulta evidente que a edición das antoloxías diasistémicas galego-catalanas non veu obedecendo a un programa de planificación cultural sistemático, continuo e abranguedor. De feito, un repaso da nómina de participantes e colaboradores das escolmas contempladas neste *corpus* permite mostrar o modo no que o labor de antologación interliteraria recaeu sempre nun reducido número de axentes que adoitan desempeñar, ademais, o papel de partes e de xuíces. Josep Maria Llompart asina tres das escolmas que, desde a tradición literaria en lingua catalana, toman a literatura galega por obxecto. Como recoñecemento deste labor, Rodríguez Baixeras dedícalle a Josep Maria Llompart “inesquecível amigo, gran tradutor das líricas galega e portuguesa” (1995: 9) a escolma *Trece poetas cataláns*. Á súa vez, Rodríguez Baixeras oficia como tradutor nos proxectos antolóxicos de Àlex Susanna (1990) e Pere Rosselló (2001). O profesor Basilio Losada intervén, en distinto grao e sentido, nas dúas antoloxías de Llompart: como prologuista en *Quinze poetas gallecs* (1976) e como colaborador en *Poesía gallega, portuguesa i brasileira moderna* (1988). Por último, e no que atinxe ás canles de produción das antoloxías, é abondo significativo que tódalas escolmas galegas de poesía en lingua catalana que viron a luz nos últimos dez anos fosen promovidas pola editorial Espiral Maior.

As antoloxías diasistémicas constitúen unha fonte moi interesante para o estudo da produción de imaxinarios sociais, na medida en que a elección dun determinado obxecto xeopoético pode verse, e de feito adoita verse, condicionada polas demandas identitarias do sistema que promove a antoloxía. Segundo esta hipótese, por medio da antologación de determinadas tradicións poéticas as culturas periféricas poden chegar a reforzar determinados vínculos simbólicos con outras culturas que operarían como referentes de equivalencia ou mesmo de imitación. En último termo, as antoloxías diasistémicas desafían o entendemento monoliterario das comunidades culturais e demostran que, como sostivera Lambert, tódolos sistemas literarios son multilingües.

Por outra banda, semella un paradoxo que o unánime recoñecemento dalgunhas notables concorrenias, tanto analóxicas como xenéticas, no desenvolvemento histórico das literaturas galega e catalana contemporánea non fose acompañado dunha maior intensidade e continuidade dos vínculos culturais contraídos polas dúas comunidades. Sendo a antologación diasistémica unha modalidade potencialmente idónea para o diálogo interliterario, só cómpre sentar as bases para a activación dun verdadeiro proceso de coñecemento mutuo, no que o intercambio e a transformación literarios

prevalezan sobre o encontro esporádico e asistemático, debido case sempre ó meritório voluntarismo das iniciativas individuais. Porque é evidente que as insuficiencias observadas no contacto interliterario galego-catalán a través das escolmas non teñen a súa orixe no baixo grao de operatividade das antoloxías comentadas, ou na falta de pericia dos seus esforzados promotores, senón na ausencia dunha infraestrutura sociopolítica que faga viables, e mesmo apremiantes, os desafíos que implica o contacto real entre as culturas literarias da Península.

Bibliografía citada

- CASADO NIETO, Manuel e Xoán Manuel CASADO. *Mostra antolóxica de poetas contemporáneos*. Sada: Ediciós do Castro, 1981.
- DUBOIS, Jean et alii. *Diccionario de Lingüística*. Madrid: Alianza, 1979.
- ĐURIŠIN, Dyoniz. “Le comunità interletterarie: una categoria fondamentale del processo interletterario”. *Comparare i comparatismi. La comparatistica letteraria oggi in Europa nel mondo*. Ed. de A. Gnisci e F. Sinopoli. Roma: Lithos Editrice, 1995. 67-81.
- LLOMPART, Josep Maria e Basilio LOSADA. *Quinze poetes gallecs*. Palma de Mallorca: Moll, 1976.
- LLOMPART, Josep Maria. *Poesia galaico-portuguesa*. Barcelona: Edicions 62.
- *Poesia gallega, portuguesa i brasilera moderna. Antoloxía*. Barcelona: Edicions 62, 1988.
- RODRÍGUEZ BAIXERAS, Xavier. *Trece poetas cataláns*. A Coruña: Espiral Maior, 1995.
- ROSSELLÓ BOVER, Pere e Xavier RODRÍGUEZ BAIXERAS. *Vinte poetas das Baleares*. A Coruña: Espiral Maior, 2001.
- SUSANNA, Àlex e Xavier RODRÍGUEZ BAIXERAS. *Sis poetes gallecs*. Barcelona: Columna, 1990.
- TRIGO, Xulio Ricardo. *Mai més / Nunca máis (Els escriptors contra el silenci)*. Valencia: Brosquil Ediciones, 2002.
- WEINREICH, Uriel. *Languages in contact: findings and problems*. The Hague: Mouton, 1968.
- VV.AA. *Nunca máis si tots nosaltres som la mirada i el vent*. Barcelona: Asociación Nunca Más de Catalunya, 2003.

Rábade Villar, María do Cebreiro. “O diálogo interliterario nas antoloxías diasistémicas: Galicia e Cataluña”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.